

Convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, a Universidade da Coruña e o Concello de Oleiros para a actualización do anterior polo que se creaba o Centro de extensión e divulgación ambiental de Galicia (CEIDA)

En Santiago de Compostela, a 22 de setembro de 2000

REUNIDOS:

Dunha parte, o Excmo. Sr. D. José Carlos del Álamo Jiménez, Conselleiro de Medio Ambiente, en representación da Xunta de Galicia, en virtude das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei de Galicia 1/1983, do 22 de febreiro reguladora da Xunta e do seu Presidente.

Doutra parte, o Excmo. Sr. D. José Luis Meilán Gil, Rector Magfco da Universidade da Coruña, en representación desta, en virtude das facultades que lle confire o artigo 18.1 da Lei Orgánica 11/1983, do 25 de agosto, de Reforma Universitaria.

E da outra, a Sra. Dña. M Esther Pita Pita, Alcaldesa-Presidenta do Concello de Oleiros, en representación deste, en virtude das facultades que lle confire o artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local.

MANIFESTAN

Primeiro

Que a Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia ten atribuídas as competencias en materia de información, educación e formación ambiental en conformidade co establecido no artigo 7.1 do Decreto 482/1997 de 26 de decembro polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente.

Segundo

Que á Universidade da Coruña lle corresponde o exercicio das funcións relativas á creación, desenvolvemento, transmisión e crítica da ciencia, da técnica e da cultura, así como o apoio científico e técnico ó desenvolvemento cultural, social e económico, tanto nacional como das comunidades autónomas, de conformidade co establecido no artigo 1 da Lei Orgánica 11/ 1983, do 25 de agosto, de Reforma Universitaria.

Terceiro

Que o Concello de Oleiros é propietario do Castelo de Sta. Cruz, situado na illa de Santa Cruz do referido municipio.

Cuarto

Que as citadas partes, en representación das súas respectivas administracións, estimaron conveniente subscribir con data de 5 de decembro de 1997 un convenio de colaboración para a creación do CENTRO DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA E DIVULGACIÓN AMBIENTAL DE GALICIA (de aquí en adiante CEIDA), coa finalidade de proporcionar un marco axeitado para a difusión cultural e o intercambio científico e, en particular, para a educación ambiental, unificando criterios e pautas comúns de acción, favorecendo a formación e información entre particulares, grupos, asociacións e entidades, fomentando a investigación, ofertando asesoramento e levando a cabo unha axeitada labor de documentación.

Polo exposto, de acordo co principio de colaboración para o mellor servizo para os fins das diferentes administracións públicas, con mutuo respecto ós ámbitos competenciais que lles corresponden segundo o ordenamento xurídico vixente, de conformidade co disposto nos artigos 6 e 7 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, en representación dos cargos que ostentan, subscriben o presente convenio de colaboración, que actualiza as estipulacións subscritas no anterior convenio e nos estatutos que constituían o seu anexo, ademais de establece-lo réxime de funcionamento, a provisión de prazas e o regulamento interno. Este novo convenio de colaboración rexerese polas seguintes

CLAÚSULAS

Primeira: Obxecto

O presente convenio actualiza o anterior polo que se creaba o “CENTRO DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA E DIVULGACIÓN AMBIENTAL” (CEIDA), así como os seus estatutos para a súa mellor xestión

Secunda: Fins

O CEIDA orientará as súas actividades para os seguintes fins:

1. Información, e educación ambiental

- O CEIDA establecerá un sistema de recollida de información ambiental co fin de crear un fondo documental e un banco de datos medioambientais que permita difundir todo tipo de documentación.
- O CEIDA é o marco idóneo para fomentar a formación ambiental a tódolos niveis, tanto a especialistas, técnicos e profesionais de diversos colectivos como ó público en xeral.
- O CEIDA poderá complementa-las actividades desenvolvidas pola Consellería de Medio Ambiente nas materias descritas.
- O CEIDA constituirá unha prolongación das actividades culturais, con especial atención ó relativo á materia de medio ambiente, organizadas polo Concello de Oleiros.

2. Extensión universitaria

- O CEIDA constituirá unha prolongación das actividades culturais e científicas, con especial atención ó relativo á materia de medio ambiente, organizadas pola Universidade da Coruña.

Xestión e financiamento

Terceira: Xestión

A xestión do CEIDA será desenvolvida polo Consorcio creado de conformidade co establecido no artigo 7 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. A xestión rexeráse polos estatutos que figuran como anexo do presente convenio, no que se especifican ademais o réxime de financiamento e os mecanismos de seguimento do estipulado neste, que para estes efectos se consideran incorporados ó convenio e formando parte integrante del.

Cuarta: Financiamento

As administracións asinantes participarán no financiamento e xestión do CEIDA de acordo co previsto nos estatutos nas seguintes proporcions:

- A Consellería de Medio Ambiente: 2/3
- A Universidade da Coruña: 1/3
- O Concello de Oleiros: pon a disposición do Consorcio o citado Castelo de Sta. Cruz nos termos legalmente acordados coa Xunta de Galicia.

As administracións asinantes realizarán as xestións necesarias para a incorporación ós seus respectivos orzamentos dos créditos que deberán transferir anualmente ó Consorcio, segundo o orzamento válidamente aprobado e que se corresponderá coa porcentaxe de participación financeira establecida no número anterior.

As contribucións da Consellería de Medio Ambiente para o financiamento do CEIDA axustaranse ás dispoñibilidades orzamentarias de cada exercicio.

Quinta: Vixencia

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e manterá a súa validez por tempo indefinido e mentres dure a necesidade de xestionar a organización común que se vai constituír. A extinción do Consorcio creado rexeráse polas causas contempladas na lei e nos estatutos anexos rectores deste Consorcio

Sexta: Modificacións

As modificacións formalizaranse mediante addenda, cos mesmos requisitos e condicións que para a aprobación do convenio. As modificacións deste convenio e dos estatutos anexos poderán ser propostas pola Comisión de Dirección do Consorcio ás administracións asinantes.

Séptima: Réxime xurídico

Este convenio ten natureza administrativa e rexeráse pola Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e pola lexislación sobre a materia obxecto deste e, no seu defecto, pola lexislación de contratos do Estado e demais normas do dereito administrativo e, en defecto deste último, polas normas de dereito privado, sendo competente a xurisdicción contencioso-administrativa para entender nos litixios que puideran xurdir.

Oitava: Publicación

O presente convenio e os estatutos que o acompañan serán publicados no Diario Oficial de Galicia E para que así conste, de conformidade con canto antecede, no exercicio das atribucións das que son titulares os asinantes, e obrigando con iso ás administracións que representan, asinan por triplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data sinalados no seu encabezamento.

ANEXO

Estatutos do Consorcio relativos ó convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, a Universidade da Coruña e o Concello de Oleiros para a actualización do anterior polo que se creaba o “Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia” (Ceida)

TÍTULO I

1. Disposicións xerais

Os presentes estatutos teñen por obxecto establece-lo réxime xurídico e as particularidades do réxime orgánico, funcional e financeiro do Consorcio creado para o desenvolvemento do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, a Universidade da Coruña e o Concello de Oleiros relativo á xestión do “CENTRO DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA E DIVULGACIÓN AMBIENTAL DE GALICIA” (en adiante CEIDA).

2. Natureza

O consorcio constitúe unha entidade xurídica pública dotada de personalidade xurídica propia distinta á dos entes consorciados e con capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins. Réxese polos presentes estatutos, a Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, a lexislación de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e a lexislación de contratos das administracións públicas, a normativa en materia de función pública aplicable na Comunidade Autónoma de Galicia e a lexislación de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, no que lle sexa aplicable. Así mesmo réxese polos acordos adoptados polos seus órganos de goberno.

3. Enderezo

O Consorcio terá a súa sé social no Castelo de Sta. Cruz - Illa de Santa Cruz (Oleiros - A Coruña), quedando facultada a Comisión de Dirección para establece-las delegacións que sexan convenientes para o mellor cumprimento dos seus fins.

4. Organización

Para os efectos da xestión do convenio de colaboración para a xestión do Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA), constitúense dúas áreas de funcionamento:

1. Área de Información, Formación e Educación Ambiental.
 - O CEIDA establecerá un sistema de recollida de información ambiental co fin de crear un fondo documental e un banco de datos medioambientais que permita difundir todo tipo de documentación.
 - O CEIDA é un marco idóneo para fomentar a formación ambiental a todos os niveis, tanto a especialistas, técnicos e profesionais de diversos colectivos coma o público en xeral
 - O CEIDA poderá complementar as actividades desenvolvidas pola Consellería de Medio Ambiente nas materias descritas.
 - O CEIDA constituirá unha prolongación das actividades culturais, con especial atención ó relativo á materia de medio ambiente, organizadas polo Concello de Oleiros.
2. Área de Extensión Universitaria.
 - O CEIDA constituirá unha prolongación das actividades culturais e científicas, con especial atención ó relativo á materia de medio ambiente, organizadas pola Universidade da Coruña.

TÍTULO II. ÓRGANOS DE GOBERNO E XESTIÓN

5. Órganos directivos

O Consorcio estará rexido polos seguintes órganos de goberno:

- Comisión de Dirección.
- Comisión Executiva.
- Presidente.
- Vicepresidente.
- Director-xerente.
- Secretario

6. Comisión de Dirección

A Comisión de Dirección está constituída por un representante de cada unha das tres entidades asociadas, a saber: O Excmo. Sr. Conselleiro de Medio Ambiente, o Excmo. e Mgfco. Sr. Rector da Universidade da Coruña e a Sra. Alcaldesa Presidenta do Concello de Oleiros.

Serán atribucións da Comisión de Dirección as seguintes:

1. Designar anualmente ó presidente e vicepresidente do Consorcio.
2. Designa-los membros da Comisión Executiva, así como nomea-lo director-xerente.
3. Representar institucionalmente ó Consorcio, a través do seu presidente.
4. Supervisa-lo axeitado cumprimento das finalidades do convenio.
5. Ratifica-lo programa xeral anual de actividades do Consorcio, previamente aprobado pola Comisión Executiva.
6. Aproba-la relación dos postos de traballo do Consorcio.
7. Resolve-los recursos de alzada interpostos contra os acordos da Comisión Executiva.

A Comisión de Dirección reunirse, alomenos, una vez ó ano, para decidir sobre tódalas cuestións da súa competencia.

7. Comisión Executiva

A Comisión Executiva está constituída polos seguintes membros:

- O presidente do Consorcio.
- O Director Xeral do Centro de Información e Tecnoloxía Ambiental da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia.
- Un representante da Universidade da Coruña.
- Un representante do Concello de Oleiros.
- O director - xerente.
- Os dous xefes de área

Son atribucións da Comisión Executiva as seguintes,

1. A determinación das directrices de xestión para a execución do convenio.
2. A elaboración do programa anual de actividades para a execución dos acordos do convenio.
3. A contratación do persoal, de acordo co establecido na normativa en materia de función pública aplicable na Comunidade Autónoma de Galicia.

4. A aprobación dos presupostos do Consorcio, o exame e a aprobación das súas contas e calquera clase de compromisos económicos.
5. A contratación das obras e dos servizos necesarios para a execución do convenio, de acordo co establecido na lexislación de contratos das administracións públicas.
6. O exercicio de accións administrativas e xurisdiccionais e a defensa nos procedementos dirixidos contra o Consorcio.
7. A aprobación da memoria de xestión anual, dentro do primeiro trimestre do ano seguinte, dando conta desta á Comisión de Dirección.
8. Calquera outra función non atribuída expresamente á Comisión de Dirección.

A Comisión Executiva terá unha reunión ordinaria alomenos unha vez ó semestre, sen prexuízo das reunións extraordinarias que sexan convocadas polo presidente.

Os acordos da Comisión Executiva adoptaranse por maioría simple dos membros presentes con voz e voto. En caso de empate dirimirá o voto de calidade do presidente.

Contra os acordos da Comisión Executiva poderá interpoñerse recurso de alzada conforme o previsto na Lei e Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común

8. Presidente

Ostentará o cargo de presidente do Consorcio cada un dos membros da Comisión de Dirección sucesivamente por mandatos anuais mentres dure a execución do convenio. A orde de designación determinarase por sorteo.

Son atribucións do presidente as seguintes:

1. Representar institucional, administrativa e xudicialmente ó Consorcio, podendo conferir mandatos para o exercicio da devandita representación ou delega-las súas funcións conforme as normas de procedemento administrativo.
2. Forma-la orde do día, convocar, presidir, suspender e levanta-las sesións da Comisión Executiva e dirixi-las deliberacións decidindo os empates con voto de calidade.

9. Vicepresidente

Ostentará o cargo de Vicepresidente outro membro da Comisión de Dirección a quen non corresponda o cargo de presidente, e elixido por sorteo.

Son atribucións do Vicepresidente substituí-lo presidente en caso de ausencia ou enfermidade, así como exerce-las atribucións que o presidente lle confira por mandato ou delegación.

10. Secretario

Có fin de asegurar unha correcta xestión xurídico-administrativa e económico-financeira, o Consorcio contará cunha Secretaría á que corresponde unha función de asistencia os órganos do Consorcio e fe pública en función dos seus actos e acordos. O cargo será desempeñado por un funcionario de calquera das administracións intervenientes.

TÍTULO III. PERSOAL

11. Cadro de persoal

O CEIDA disporá de persoal funcionario e laboral necesario para o cumprimento dos seus fins.

Para o desenvolvemento de actividades comprendidas na programación anual a Comisión Executiva, poderá encargar a terceiras persoas a execución de contratos de consultoría e asistencia, de servicios e a realización de traballos específicos e concretos non habituais do persoal do Consorcio, que se regularán pola lexislación de contratos das administracións públicas, sen que, en ningún caso, xeren relación de carácter laboral entre o contratista e o Consorcio.

As administracións consorciadas poderán poñer ó servizo do Consorcio o persoal funcionario, sempre coa vontade destes e utilizando os medios legais oportunos para efectua-los correspondentes nomeamentos. A situación na que quedan os ditos funcionarios na súa Administración de orixe será a que prevexan as súas correspondentes normas.

12. Director-xerente

O director-xerente, que deberá te-la condición de funcionario público con titulación superior, será nomeado, por libre designación, pola Comisión de Dirección en virtude de convocatoria pública, na que se farán consta-los requisitos de capacidade, méritos preferentes e dedicación exclusiva.

O director-xerente formará parte da Comisión Executiva con voz e voto.

Son atribucións do director-xerente as seguintes:

1. Executar e facer cumpri-los acordos do Consorcio.
2. Dirixir e inspecciona-los servicios e actividades que se realicen.
3. Ordena-los pagamentos previamente acordados pola Comisión Executiva ou, de se-lo caso, polo presidente.
4. Elabora-la memoria de actividades e de xestión anual, dentro do primeiro trimestre do ano seguinte, e presentará á Comisión Executiva para a súa aprobación. As demáis funcións que lle encomende a Comisión Executiva.

13. Xefes de área

Os xefes de área terán a condición de funcionario público con titulación superior. O posto proveerase de conformidade co disposto no artigo 11 ou polo sistema de libre designación mediante convocatoria pública, correspondendo o seu nomeamento e o seu cesamento á Comisión de Dirección, de acordo coa normativa en materia de función pública aplicable na Comunidade Autónoma de Galicia. Os xefes de área serán designados para a execución dos fins do convenio en relación coas áreas de funcionamento previstas no apartado terceiro destes estatutos.

- Xefe da Área de Información, Formación e Educación Ambiental.
- Xefe da Área de Extensión Universitaria.

Os xefes de área dependerán orgánicamente do director-xerente.

Serán atribucións dos xefes de área as propias de organización e xestión das súas respectivas áreas.

14. Persoal laboral

A Comisión Executiva, tal e como se recolle no artigo 7, é o órgano competente para a contratación do persoal laboral que se destine ós postos así perfilados na relación de postos de traballo do Consorcio, de acordo coas condicións establecidas na normativa aplicable en materia de función pública.

As convocatorias dos procesos selectivos para o acceso ós postos de persoal laboral do Consorcio son competencia da Comisión Executiva, en todo caso nas bases destas convocatorias respectaranse os principios constitucionais de acceso á función pública, de publicidade, mérito, capacidade e igualdade.

O persoal laboral do Consorcio prestará os seus servizos en réxime de dedicación exclusiva.

En calquera caso, a disolución do Consorcio levará consigo a extinción dos contratos de traballo do persoal laboral, de acordo coas formalidades e requisitos establecidos na lexislación laboral.

O persoal laboral desenvolverá o traballo en réxime de dedicación exclusiva.

15. Investigadores e colaboradores do Ceida

As áreas de Información, Formación e Educación Ambiental e de Extensión Universitaria poderán contar co número de bolseiros necesario para o desempeño das funcións que lles asignan os Estatutos do Consorcio.

16. Sesións e acordos

O réxime de sesións e acordos do Consorcio e, en xeral, o seu funcionamento, acomodarase ó disposto na lexislación administrativa.

TÍTULO IV. RÉXIME FINANCEIRO, ORZAMENTARIO E DE CONTROL

17. Réxime financeiro

A Comisión Executiva aprobará anualmente o orzamento do Consorcio, no que constarán as contribucións previamente acordadas polos entes constitutivos do Consorcio.

18. Control económico-financeiro

O Consorcio fiscalizará a súa xestión económica a través dun órgano interno de control, sen prexuízo do que corresponda ó Consello de Contas de Galicia, para o que se poderá asignar para tal cometido a un funcionario dunha das entidades integrantes do Consorcio.

Correspóndelle á Comisión Executiva o exame e aprobación das contas do Consorcio, así como a memoria da xestión anual, dando conta á Comisión de Dirección.

O control do carácter financeiro do Consorcio realizarase, de se-lo caso, co que establece o réxime financeiro e orzamentario da Xunta de Galicia que sexa axeitado á natureza do Consorcio.

19. Recursos económicos

Os recursos económicos do Consorcio son as contribucións das entidades consorciadas, subvencións e outros ingresos de dereito público ou privado e aqueles outros legalmente establecidos.

20. Patrimonio

O Consorcio posúe un patrimonio propio vinculado ós seus fins que está integrado polos seguintes bens:

- Os bens adscritos ou cedidos polas entidades que integran o Consorcio.
- Os bens que adquira o Consorcio por calquera concepto.

21. Extinción

A extinción do Consorcio poderá ser proposta pola Comisión de Dirección. Adoptado o acordo de disolución polas entidades conveniadas abrírase o período de liquidación.

A Comisión de Dirección elevará, de entre os representantes das entidades consorciadas, os liquidadores.

As administracións consorciadas poderán designar interventores que fiscalicen as operacións de liquidación, nas que participarán preceptivamente, por parte da Xunta de Galicia, un representante da Consellería de Economía e Facenda.

O haber social adxudicarase pola seguinte orde:

1. Débedas consorciais.
2. Reintegro das contribucións das distintas administracións.
3. Subvención de actividades de entidades sen fins de lucro, que cumpran finalidades relacionadas co obxecto do Consorcio.

Disposición adicional

Sen prexuízo da programación anual, que corresponde á Comisión Executiva, cada un dos entes consorciados poderá promover actuacións que sexan propias das súas respectivas competencias de acordo cos fins do Consorcio, con prioridade ante terceiros para a realización de actividades no CEIDA.

As referidas actividades deberán ser aprobados polos órganos competentes do Consorcio.